

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE..... Música Contemporánea para instrumentistas I.....Curso 2018/19
 CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
 TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO Decreto 163/2015)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA Música Contemporánea para instrumentistas I										
ESPECIALIDADE:	Interpretación,				ITINERARIOS:			Acordeón, Canto, Corda Fretada, Guitarra, ITP, Música antiga (Clave, ICP), Percusión, Piano, Vento madeira, Vento metal. Pedagogía do instrumento/canto, Xeral e da linguaxe musical,		
	Pedagogía									
CARÁCTER:	Optativa				TIPO DE CLASE:			COLECTIVA		
DEPARTAMENTO:	Composición				XEFE DE DPTO.:			Paz Pita Vázquez		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:			Patricia Sánchez Cao		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	2
ECTS/CUAD.					3	3			Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA		
	Patricia Sánchez Cao				patriciasanchezcao.analisis@gmail.com			Venres 9.00-10.00		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS									
<p>DESCRITOR: O achegamento a obras do s.XX dotará ao alumno do coñecemento teórico dos distintos elementos e procedementos compositivos, así como dos factores históricos asociados ao feito musical, á vez que outorga unha serie básica de ferramentas metodolóxicas que posibilitan a comprensión destas obras para acadar a súa mellor interpretación.</p> <p>Este curso centraranse no estudo de obras representativas da música contemporánea, dende comezos do século XX ata o presente, profundando nos mecanismos propios das mesmas. Ademais de valorala como pertencente a un estilo, autor ou época determinados. Tamén se incluírá a identificación auditiva dos diferentes aspectos estudados e a súa aplicación para unha correcta interpretación.</p>									
COÑECEMENTOS PREVIOS:									
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS (OPCIONAL)									
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1,T2,T3,T4,T8,T11								
COMPETENCIAS XERAIS:	X1,X10, X11, X12, X13, X15, X24..								
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E1-i, E2-i, E5-i, E6-i E3-p, E5-p, E6-p, E8-p								
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro anexo I									

3. OBXECTIVOS									
DESCRICIÓN								COMPETENCIAS RELACIONADAS	
1.	Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos da música do s. XX.							T:1,2,3,4,5,8. X:1,10,11,13,15,24. Ei: 1,2,5,6 Ep:3,5,6,8	
2.	Analizar as obras desde diferentes puntos de vista que permitan avanzar na súa comprensión. Comprender a interrelación dos procedementos compositivos coas estruturas formais que deles se derivan							T:1,2,4,5,6,8,11. X:1,10,11,12,13,15,24. Ei:1,2,5,6 Ep:3,5,6,8	
3.	Escoitar e extraer conclusións das obras traballadas. Todo isto enfocado a unha mellor comprensión da música contemporánea, para así afrontar a súa correcta interpretación.							T:1,2,4,5,6,8,11. X:1,10,11,12,13,15,24. Ei:1,2,5,6 Ep:3,5,6,8	

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. TRATAMENTO DO SON ATA 1950.	<ul style="list-style-type: none"> • Timbre. • Dinámica. • Tratamento nesta época dos distintos parámetros que afectan á textura. • Tratamento da textura vocal e instrumental nesta época. • Uso dos procesos texturais en progresións cara a puntos de maior intensidade, en recesión cara á cadencia e en anticipación de elementos temáticos. • Disposicións de textura complementarias e compensatorias en relación a outras estruturas elementais. • Uso da progresión, recesión e variación textural como factor estrutural. • Ritmo textural. • Textura como espazo. • Textura motívica. • Contribucións do son á forma. 	1
2. TRATAMENTO DA HARMONÍA ATA 1950.	<ul style="list-style-type: none"> • Acordes por terceiras. • Acordes por cuartas. • Acordes con sons engadidos. • Acordes por segundas. • Poliacordes. • Achega da harmonía ao movemento nesta época. • Tonalidade expandida. • Atonalidade. 	1
3. TRATAMENTO DA MELODÍA-CONTRAPUNTO ATA 1950.	<ul style="list-style-type: none"> • Contorno melódico • Fondo harmónico. • Aglomeracións e interrupcións. Puntos de apoio melódicos. • Procedementos melódicos que contribúen á forma. Opcións básicas de continuación. • Emprego de diferentes modelos escalísticos. • O vello modo maior baixo un novo prisma. • "Tonalidade da voz cantada". • A construción como "invención". • Entre voz e acorde. 	1
4. TRATAMENTO DO RITMO ATA 1950.	<ul style="list-style-type: none"> • Patróns rítmicos. Motivos rítmicos. • Metros irregulares. Polímetros. Notación métrica. • Música métrica e asimétrica. • Unidade e variedade rítmica na construción da frase. O ritmo como elemento de composición. • Tipos rítmicos determinados polo comezo ou final das ideas melódicas. Contracción e dilatación rítmica. • Estratos do ritmo (continuum, ritmo de superficie, interaccións). • Estados compoñentes do ritmo (tensión, calma, transición). • Definicións e principios relacionados co ritmo. • Ritmos en niveis arquitectónicos inferiores. • Estructuras rítmicas máis complexas. • Ritmo, mobilidade e tensión. • Ritmo, continuidade e forma. • Desenvolvemento rítmico. 	1
5. TRATAMENTO DA FORMA ATA 1950	<ul style="list-style-type: none"> • Relacións temáticas. • Conformación e coherencia, repetición, variante, diversidade, contraste, carencia de relación. • Variación progresiva. • Uso de formas baseadas en modelos tonais. • Transformación das formas tonais. • Forma de arco. • Novas posibilidades formais. 	1
6. Aplicación dos puntos anteriores	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación do anterior en obras propias do instrumento de cada alumno/a 	11
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Exposición maxistral. Exposición dos principais aspectos teóricos a tratar nos diferentes temas. Ca finalidade de facilitar así a comprensión e posterior práctica tanto individual como colectiva.	10	0	10
Exposición teórico-práctica . Realización de exercicios prácticos que exemplifiquen e afonden no tratado na exposición maxistral e que sirvan de modelo de traballo para o/a alumno/a.	4	4	8
Práctica individual. Permite a práctica non presencial do tratado tanto nas sesións de exposición maxistral coma nas de exposición práctico-teórica, así como a preparación das de práctica colectiva.	0	12	12
Práctica colectiva. Permiten a posta en común do traballo práctico proposto para a práctica individual.	4	4	8
Pescuda de información. Actividade necesaria de xeito especial para a realización do traballo monográfico, especialmente no seu aspecto de pescuda bibliográfica.	0	18	18
Preparación traballo monográfico. Traballo que incluírá un estudo do uso dos diferentes parámetros que forman a obra elixida, así como a interacción dos mesmos e comprensión da importancia relativa de cada un en relación co estilo da obra, o compositor, a escola e a época. Comprensión, aplicación e valoración dos diferentes procedementos e técnicas de análise. Como todo será enfocado á interpretación da obra	0	20	20
Exposición de traballos. Exposición no grupo e posterior debate sobre o traballo monográfico realizado o longo do cuadrimestre.	14	0	14
TOTAL HORAS:			(32+58) 90

6. AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Asistencia e seguimento das clases. (Máis de 3 faltas suporán a perda da avaliación continua)	Valorarase a actitude, asistencia, puntualidade, cantidade e calidade dos traballos realizados, participación construtiva nos debates e mellora xeral progresiva.	Todas	10%
Práctica individual.	Valorarase a realización de exercicios prácticos que exemplifiquen e afonden no tratado na exposición maxistral e que sirvan de modelo de traballo para o/a alumno/a.	Todas	20%
Práctica colectiva.	Valorarase a a posta en común do traballo práctico proposto para a práctica individual.	Todas	5%
Traballo monográfico e exposición do mesmo	Valorarase: <ul style="list-style-type: none"> • traballo realizado na pescuda de información • o estudo do uso dos diferentes parámetros que forman a obra elixida, así como a interacción dos mesmos e comprensión da 	Todas	65%

	<p>importancia relativa de cada un en relación co estilo da obra, o compositor, a escola e a época. Comprensión, aplicación e valoración dos diferentes procedementos e técnicas de análise.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Como todo será enfocado á interpretación da obra • A exposición no grupo e posterior debate sobre o traballo monográfico 		
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
• Ver punto 6.2	• Ver punto 6.2	Ver punto 6.2	Ver punto 6.2
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)			
<p>En caso de que se superen as catro faltas de asistencia no cuadrimestre o apartado de traballo semanal non computará para a nota do cuadrimestre, sendo necesario realizar:</p> <p>Proba:</p> <p>Características da proba:</p> <ul style="list-style-type: none"> • duración indicada na convocatoria (1 hora) • preguntas concretas sobre a obra proposta • en cada pregunta deberá acadarse un mínimo de puntuación para superar a proba 	<p>Valorarase a consecución dos obxectivos do punto 3</p>	Todas	30%
<p>Traballos monográficos (2, entregaranse unha semana antes da proba escrita)</p>	<p>Valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> • traballo realizado na pescuda de información • o estudo do uso dos diferentes parámetros que forman a obra elixida, así como a interacción dos mesmos e comprensión da importancia relativa de cada un en relación co estilo da obra, o compositor, a escola e a época. Comprensión, aplicación e valoración dos diferentes procedementos e técnicas de análise. • Como todo será enfocado á interpretación da obra 	Todas	70%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
<p>Proba:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Características da proba: • duración indicada na convocatoria (1 hora) • preguntas concretas sobre a obra proposta • en cada pregunta deberá acadarse un mínimo de puntuación para superar a proba 	<p>Valorarase a consecución dos obxectivos do punto 3</p>	Todas	30%
<p>Traballos monográficos (2, entregaranse unha semana antes da proba escrita)</p>	<p>Valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> • traballo realizado na pescuda de información • o estudo do uso dos diferentes parámetros que forman a obra elixida, así como a interacción dos mesmos e comprensión da importancia relativa de cada un en relación co estilo da obra, o compositor, a escola e a época. Comprensión, aplicación e valoración dos diferentes procedementos e técnicas de análise. • Como todo será enfocado á interpretación da obra 	Todas	70%

7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

- "LA MÚSICA DEL S.XX". Robert P. Morgan.
- "LA MÚSICA DEL S.XX (I)". William W. Austin.
- "LA MÚSICA DEL S.XX (II)". William W. Austin.
- "ENFOQUES ANALÍTICOS DE LA MÚSICA DEL S:XX". Joel Lester.
- "STRUCTURAL FUNCTIONS IN MUSIC". WallaceBerry.
- "A GUIDE TO MUSICAL ANALYSIS". NicolasCook.
- "ANÁLISIS DEL ESTILO MUSICAL". JanLaRue.
- "A HISTORY OF MUSICAL STYLE". Richard L. Crocker.
- "LA NOTACIÓN DE LA MÚSICA CONTEMPORÁNEA" Ana María Locatelli de Pergamo

8. OBSERVACIÓNS